

Dereitos e liberdades na Galiza

RESUMO DE NOTÍCIAS

1º trimestre 2014



04/01/2014

NO CASO DA ASASINATO DO CÁMARA GALEGO JOSÉ COUSO

EUA obstaculiza investigación e incumpre tratado co o Reino da España

A Audiencia Nacional informou ao Goberno dos atrancos postos polos EUA na investigación do asasinato do cámara galego José Couso en Iraq en 2003. Segundo o xuíz Santiago Pedraz, a Administración estadounidense incumpre así o tratado bilateral asinado co Reino da España por falta de colaboración na investigación dun caso que continúa aberto.

http://esculca.net/web/node/3953#.u0v2mvl_uvm



09/01/2014

DIREITOS SOCIAIS E CIVIS. VASOS COMUNICANTES

Multas por procurar comida no lixo e censura por distribuír propaganda

A medida está incluída nunha polémica ordenanza de limpeza aprobada co visto e prace de PP, PSdG-PSOE e a formación independente conservadora Cidadáns por Betanzos. A norma volve estar de actualidade porque tamén alenta a censura: esixe un aval bancario e a autorización previa do goberno local para repartir propaganda pola rúa.

http://esculca.net/web/node/3967#.u0v2cpl_uvm



09/01/2014

NO CADRO DUN OPERATIVO ALLEO Á VÍTIMA

Denuncia de brutal agresión policial en Vigo

J.M.M.V., traballador no desemprego de 42 anos, residente en Vigo, denuncia ter sido vítima dunha violenta e imprevista agresión policial o pasado 2 de de xaneiro. Trasladado ao Hospital Xeral para ser atendido das lesións foi posteriormente conducido a comisaria, onde pasou a noite. O agresor negouse a mostrar a súa placa identificativa á muller da vítima.

http://esculca.net/web/node/3968#.u0v2r_l_uvm



09/01/2014

ADMINISTRACIÓN AO SERVIZO DE PROPAGANDA RELIXIOSA

Denuncian que a Xunta fai "apoloxía do cristianismo" en Vigo

A CIG-Autonómica, Mulheres Nacionalistas e a Plataforma polo Dereito ao Aborto denuncian que a Xunta está utilizando o seu edificio administrativo de Vigo para facer "apoloxía do Cristianismo" coa exposición "Vida y espiritualidade de Madre Teresa de Calcuta", "cheia de cartazes de santos rezando, Papas, crucifixos, imágens de cristos, espaços para se ajoelhar ..."

http://esculca.net/web/node/3973#.u0v2efl_uvm



10/01/2014

HOSPITAL DA COSTA

Sen fármacos mais con curas

Malia non teren fármacos por cortes no orzamento, no Hospital da Costa os dous capeláns do centro en nómina da consellaría de Sanidade manteñen a periodicidade habitual das visitas. A xubilación dun deles non causou alteración ningunha porque o Sergas, que mantén para o persoal sanitario unha taxa de reposición do 10%, cubriu a vaga de maneira inmediata.

http://esculca.net/web/node/3975#.u0v18pl_uvm



13/01/2014

IDENTIFICAÇÕES DE PERFIL IDEOLÓGICO

EsCULcA presenta queixa por actuación policial em Ourense

Com data 13 de Janeiro, EsCULcA presentou queixa junto do Valedor do Pobo e a Defensora del Pueblo, por actuación policial presumivelmente contrária ao principio de neutralidade política a que están obrigadas as forzas de seguranga do estado. O observatório apoia a sua argumentaçom na acta dos próprios agentes que participaron na intervençom.

http://esculca.net/web/node/3976#.u0v1z_l_uvm



15/01/2014

POR AGRESIÓN VIOLENTA EN LOCAL SOCIAL

Condenado axente da Policía Local de Vigo

Condenado membro da Policía Local de Vigo como autor dunha falta de lesións a E.A.S., veciña de Vigo agredida polo axente en decembro de 2012 no local "A revolta do Berbés". A agresión produciuse cando, nun control de horarios, os axentes obrigaron a sair do local J.C.A.A., compañeiro da vítima, e ela E.A.S. tentou averiguar as razóns desta actuación.

http://esculca.net/web/node/3982#.u0v1npl_uvm



21/01/2014

PARELLA GALEGA DETIDA NA FRONTEIRA

Denuncian vexacións e malos tratos en comisaría de Tarifa

B.G. e J.M.R.G. denuncian que o día 6 de xaneiro, despois de seren detidos no porto de Tarifa acusados de transportar 200 e 300 grs de hachís, foron vítimas de graves vexacións e malos tratos inflixidos polos axentes encarregados da custodia. J.M.R.G. tivo de ser atendido no Hospital Punta Europa de Alxeciras onde se emitiu parte de lesións que incautaron axentes.

http://esculca.net/web/node/3988#.u0v1cvl_uvm



22/01/2014

RELIXIÓN NA ESCOLA PÚBLICA GALEGA

Perde alumnado mais mantén o mesmo número de docentes

Un dos asuntos máis controvertidos da nova lei educativa, aLOMCE, é que a materia de relixión vai ser de oferta obrigatoria -agás no Bacharelato- e, ademais, vai computar á hora de realizar as notas medias, o que para os sindicatos educativos pode traer consigo un "efecto chamada", dado que habitualmente a dificultade para aprobar é escasa.

http://esculca.net/web/node/3990#.u0v1s_l_uvm



24/01/2014

ANTERIORMENTE AGREDIDO POR EXHIBIR UNHA ESTRELEIRA

Expulso e lesionado por axentes da PN no Multiusos de Compostela

F.B., o mozo de 19 anos que o pasado mes de setembro fora obxecto dunha grave agresión policial en que se viron involucradas varias persoas que tentaron amparalo cando os axentes o ameazaron e empurraron por exhibir unha estreleira, foi obxecto de novos abusos policiais o 5 de xaneiro no Multiusos do Sar. Nesta ocasión F.B. non levaba bandeira algunha.

http://esculca.net/web/node/3994#.U0v0_Pl_uvM



27/01/2014

PROMOVE BDS-GALIZA

Manifesto en favor do boicote a Israel na comunidade educativa galega

BDS-Galiza anuncia que comeza a campaña de recollida de apoios na comunidade educativa galega ao manifesto en favor do boicote a Israel. Lembra BDS-Galiza algúns dos máis significativos éxitos da iniciativa global e salienta o recoñecemento de autoridades israelitas dos efectos negativos que o boicote ten na actividade das institucións académicas sionistas.

http://esculca.net/web/node/4000#.u0v01pl_uvm



29/01/2014

RECLAMA DEREITO Á LIBERDADE DE CONSCIENCIA

Profesora apercibida por non participar en actividades de contido relixioso

K.M.E., profesora do Centro Rural Agrupado A Picaraña, podería ser sancionada por negarse a participar nunha actividade complementaria de contido relixioso no mes de decembro de 2013, a pesar de ter comunicado previamente que non asistiría ao acto por razóns de consciencia e ter permanecido no lugar de traballo durante todo o horario lectivo.

http://esculca.net/web/node/4004#.u0v0jfl_uvm



01/02/2014

FAMILIARES E AMIGOS DE MARÍA OSORIO

Reclaman o traslado de presa galega a un cárcere do país

"Se o recurso presentado ante o Tribunal Supremo falla contra ela, case con toda seguridade María Osorio será internada nunha prisión a centos de kms do seu fogar e a familia, o que afondará no seu desarraigo e separación da súa realidade cultural e socio-afectiva", afirman familiares e amigos da presa galega que reclaman o seu traslado a un cárcere galego.

http://esculca.net/web/node/4005#.u0v0cfl_uvm



01/02/2014

AUMENTA A VIOLENCIA POLICIAL

Identificacións, detencións e multas a estudantes e menores de idade

A subdelegación do Goberno en Pontevedra notificou a pasada semana a sete estudantes, seis menores de idade, a imposición de multas que van dos 300 aos 600 euros por participación nunha concentración pacífica en novembro de 2013. O 30 de xaneiro outra menor, A.P.A. de 15 anos, foi detida por protestar pola actitude agresiva de varios axentes da PN.

http://esculca.net/web/node/4006#.u0v0spl_uvm

06/02/2014



06/02/2014

POLO VETO A GALEGOFALANTES O DÍA DA PATRIA

O 'Defensor del Pueblo' pede explicacións á policía española

A resposta demorou seis meses mais, finalmente, chegou. O 'Defensor del Pueblo' dirixiu un escrito á dirección xeral da policía española para pedir explicacións sobre os feitos acontecidos a noite do 24 de Xullo de 2013, cando varias persoas denunciaron que a policía española lles vetara o acceso ao casco vello de Compostela por lles falaren en galego.

http://esculca.net/web/node/4017#.u0vz6_l_uvm



06/02/2014

O GOBERNO ESPAÑOL NEGOU A CONCESIÓN

Petición de indulto a dous sindicalistas a debate no Parlamento Galego

Despois de o goberno español denegar o indulto solicitado por CIG, UGT e CCOO para Serafín Rodríguez e Carlos Rivas, sindicalistas condenados a tres anos de cárcere pola súa participación nun piquete informativo en Vigo durante a folga do transporte de mercadorías en 2008, o grupo parlamentar do BNG rexistrou unha iniciativa na cámara galega.

http://esculca.net/web/node/4018#.u0vzs_l_uvm



07/02/2014

XULGAMENTO A SIAREIR@S DO OBRADOIRO

Axentes de seguranza omiten a retirada da estremeira nas súas declaracións

O 6 de febreiro ficou visto para sentenza o xulgamento contra siareir@s do Obradoiro que en novembro foram expuls@s das bancadas por exhibiren unha bandeira nacionalista galega. Nas súas declaracións, @s acusad@s reiteraron que non incorreran "en ningún comportamento que vaia contra as leis de violencia no deporte nen que incitara á violencia".

http://esculca.net/web/node/4021#.u0vzj_l_uvm



18/02/2014

FORA DETIDO EN NARÓN EN 2012

Por falta de probas, a AN arquiva a causa aberta contra J.S.

A Sala do Penal da Audiencia Nacional española ditou auto de sobresemento da causa aberta en febreiro de 2013 contra J.S., veciño de Narón detido en outubro de 2012 xunto con S.C.S. cando estaban na súa casa en compañía do fillo de ambos, lactante de oito meses, que a raíz da detención foi afastado da nai e ficou sen alimento durante varias horas.

http://esculca.net/web/node/4040#.u0vzmf_l_uvm



18/02/2014

NO ESTADIO DE RIAZOR

Faixa a prol do aborto libre, non; simboloxía fascista, si

A polémica pola simboloxía nos recintos deportivos volveu este domingo a Riazor. A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto despregou unha gran faixa que reclamaba o "aborto libre e gratuito" e chamaba á manifestación que contra a reforma de Gallardón se desenvolverá o vindeiro 9 de marzo en Compostela a partir das 12 do mediodía.

http://esculca.net/web/node/4041#.u0vy_pl_uvm



19/02/2014

OS AXENTES DEBEN PODER SER IDENTIFICADOS

O Colexio de Avogados de Lugo contra a vulneración do dereito de defensa

O pasado 20 de xaneiro, a Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Lugo aprobou adherir ao acordo tomado polo Colexio de Madrid en decembro de 2013 en que se recomendaba ao/as avogado/as esixiren nas asistencias letradas a persoas detidas en sede policial que os axentes encargados da instrución non oculten o rostro con prendas alleas á uniformidade regular.

http://esculca.net/web/node/4044#.u0vy1vl_uvm



24/02/2014

SERVIÇOS MÉDICOS, DESTERRO E MÓDULOS DE NAIS

Iniciativas parlamentares sobre a situación dos cárceres da Galiza

Nos últimos meses foron presentadas varias iniciativas na cámara galega despois de EsCULcA ter trasladado a todos grupos do Parlamento a súa preocupación pola situación dos servizos médicos e a inexistencia de módulos de mais nos cárceres ubicados na Galiza, así como o desterro de persoas de arraigo galego a prisons de fora.

http://esculca.net/web/node/4047#.u0vyrpl_uvm



26/02/2014

EN CASO DE PROBÁBEL DESPROTECCIÓN DE MENOR

EsCULcA reclama información sobre actuación da Fiscalía da Coruña

Con data 21/02/2014, EsCULcA rexistrou escrito dirixido à Fiscalía da AP da Coruña en que demanda información sobre resolucións ditadas en relación coa súa solicitude de dilixencias en materia de protección de menores polos feitos acontecidos en 2012 en Narón cando un lactante permaneceu sen atención adecuada durante horas ao seren detidos o pai e a nai.

http://esculca.net/web/node/4049#.u0vyfpl_uvm



26/02/2014

SEN SER INFORMADO PREVIAMENTE DOS CARGOS

Militante independentistas declara na AN española por chios no Twitter

L.A., menor de idade, prestou declaración na Audiencia Nacional española o pasado 24 de febreiro durante 5h perante o fiscal e unha equipa de tres psicólogos por un alegado delito de "aproxía do terrorismo" por publicar citas de Carlos Marighela no Twitter. L.A. foi citado a declarar sen o informar dos cargos de que era acusado

http://esculca.net/web/node/4051#.u0vyspl_uvm



02/03/2014

GALIZA NUN DOS PRIMEIROS LUGARES

Multas como dique de contención das reclamacións sociais

Galiza é a terceira comunidade do Reino da España, "excluíndo Madrid, da que non hai datos", con máis expedientados e multas impostas polo Goberno en protestas, segundo o Ministerio do Interior. Entre xaneiro de 2012 e setembro de 2013, abríronse 110 expedientes. As sancións recadaron 35.100 euros, unha cuarta parte do total de todo o estado.

http://esculca.net/web/node/4054#.u0vyh_l_uvm



06/03/2014

CASO POKEMON

Alcalde de Compostela pede medidas contra liberdade de información

A Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela (APSC) considera inaceptábel a actitude do Alcalde de Santiago, Anxel Currás, de tentar influír na xuíza que leva o "caso Pokemon", Pilar de Lara, para que tome medidas contra algúns medios e xornalistas que levan a cabo as labores informativas deste caso. Esta actitude foi contestada pola propia xuíza nunha providencia.

http://esculca.net/web/node/4059#.U0vx6fl_uvM



13/03/2014

CONTRA A XENTE DO MAR

Imaxes e análise da violenta carga policial en Compostela

Despois da agresiva carga da policía antidisturbios en Compostela contra mariñeiros do cerco, redeiras e familias que viven do mar, que protestaban polo inxusto reparto das cotas de pesca da xarda e o xurelo, GZ Vídeos deu a coñecer un [vídeo](#) en que mostra e analiza algúns dos momentos máis violentos da intervención policial.

http://esculca.net/web/node/4068#.u0vxtp_l_uvm



13/03/2014

"MARCHA POLOS DEREITOS HUMANOS!"

Convocan marcha en defensa dos dereitos do pobo saharai

Para o 15 de marzo, Solidariedade Galega co Pobo Sarahai convoca unha marcha polos dereitos humanos no Sahara, nomeadamente nos territorios do Sahara Occidental ocupados por Marrocos. A marcha partirá ás nove da mañá de Padrón (Campo do Souto) e ten previsto chegar á Praza das Pratarías de Compostela ás 14:00, onde se dará lectura a un manifesto.

http://esculca.net/web/node/4069#.u0vw7pl_uvm



14/03/2014

XORNADAS DE XUSTIZA E SOCIEDADE

A protección penal do dereito medioambiental

Xustiza e Sociedade organiza unhas xornadas de reflexión e debate sobre A protección penal do dereito medioambiental. Terán lugar na sede da Escola Galega de Administración Pública de Compostela, o 21 e 22 de marzo. O encontro contará coa participación de importantes xuristas que traballan no ámbito ambientalista en Galiza.

http://esculca.net/web/node/4078#.u0vugvl_uvm



17/03/2014

A FISCALIA DO TSX DE GALIZA ABRE DILIXENCIAS

NGB investigada por video-vixilancia na vía pública

Novagalicia Banco ten centos de cámaras exteriores nas súas sucursais. Durante 5 anos negou que estas gravasen a vía pública. O Movemento polos Dereitos Cívís sinala que se descubriu que si o facían e que a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza abriu dilixencias de investigación para comprobar que hai de certo, ou non certo, nas afirmacións da entidade.

http://esculca.net/web/node/4083#.u0vutvl_uvm



19/03/2014

ORGANIZA EsCULcA

"Neurociencias e Dereito Penal" - 4/04/2014 - Facultade Filosofía (USC)

"Neurociencias e Dereito Penal" - Coloquio organizado por EsCULcA na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela - Día 4 - De 16:30 a 20:30 horas. Participan: Jorge del Cura (Portavoz da CPDT), Adolf Tobeña (Catedrático de Psiquiatría da Universitat Autònoma de Barcelona), Pau Pérez (Consultor da Organización Mundial da Saúde).

http://esculca.net/web/node/4090#.U0vuAfl_uvM



20/03/2014

AO PASO DA "VUELTA" CICLISTA

A xuízo por pintar un mural coas cores da estreleira

M.C., sentará no banco d@s acusad@s do xulgado de Paz de Baiona esta quinta feira nun xulgamento de faltas en que se lle atribúen accións de "deslucimento dos bens móbeis" por unha pintada realizada nun mural, coa bandeira nacionalista galega e a mensaxe Galiza Nación. "Foi máis unha pintada para reivindicar a visibilización da Galiza", explica M.C.

http://esculca.net/web/node/4094#.u0vtqfl_uvM



21/03/2014

10 PERSOAS IDENTIFICADAS EN COMPOSTELA

Prohibidos os protestos en Vigo pola visita de Felipe de Borbón

Colectivos que se manifestan de maneira diaria ou habitual en Vigo viron prohibidos os protestos desta sexta feira por mor da visita que Felipe de Borbón fará á cidade, onde lle será entregada a medalla de ouro da Confederación de Empresarios de Pontevedra "en recoñecemento ao seu labor como embaixador dos servizos, produtos e empresas españolas".

http://esculca.net/web/node/4095#.U0vtgPl_uvM



23/03/2014

NA ESTACIÓN CHAMARTÍN DE MADRID

identifican dous reporteiros que cubrían a marcha da dignidade

Varios axentes da Policía Nacional vixiaron onte á noite na estación de Chamartín (Madrid) para as persoas que chegaban para apañar o tren de volta a Galiza despois de participaren na Marcha da Dignidade celebrada pola tarde. Poucos minutos antes de porse en marcha o tren, seis axentes arrodearon dous reporteiros de Galicia Confidencial para os identificar.

http://esculca.net/web/node/4101#.U0vtQPI_uvM



25/03/2014

Fraude, ilegalidades e vulneración dos dereitos do profesorado do CELGA SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGUÍSTICA

Despois de as inspeccións de traballo teren posto ao descuberto irregularidades na contratación do profesorado do CELGA, a Secretaria Xeral de Política Lingüística optou por despedir todo o colectivo, máis de 400 profesionais non dados de alta na Seguranza Social, e procurar docentes e outros funcionarios que aceptasen impartir as aulas como horas extras.

http://esculca.net/web/node/4103#.U0vtGPI_uvM



28/03/2014

CALIFICADOS COMO "INDEPENDENTISTA EXTREMISTA"

Mozos galegos detidos en Madrid denuncian "trato pésimo" na comisaria

D.C. e I. mozos galegos postos en liberdade (con cargos mais sen fianza nin medidas cautelares) despois a súa detención na Marcha da Dignidade celebrada o pasado sábado en Madrid, denunciaron o "pésimo trato" recibido nas horas seguintes ao seu apresamento e posterior traslado aos calabouzos de Moratalaz onde permaneceu case 48 horas.

http://esculca.net/web/node/4111#.U0vsx_l_uvM



31/03/2014

FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN

Alertan do “grave perigo” dos dereitos do colectivo de migrantes

O Foro da Inmigración alerta de que os acontecementos que se desenvolveron nas fronteiras españolas de Ceuta e Melilla veñen a confirmar denuncias de prácticas violentas por parte da Policía e Garda Civil cunha maior represión sobre o colectivo que viviu alí situacións dramáticas mais que se intensifica non só neses espazos de especial control.

http://esculca.net/web/node/4115#.U0vsHPI_uvM

Galiza, abril 2014